



Covid-19

O Concello de Narón comezou a aplicar o pasado 11 de marzo diferentes medidas encamiñadas a prever a expansión do coronavirus, programadas en coordinación cos diferentes departamentos municipais. O goberno local puxo a disposición da veciñanza os teléfonos de contacto operativos durante a vixencia do estado de alarma para atender á cidadanía dende os diferentes servizos municipais:

☎ 981 337 700

Extensións 📍

📄 📞 Rexistro: 1013

👤 📞 Servizo Sociocomunitario: 1108

👤 📞 Intervención: 1420

💰 📞 Tesourería: 1408

💻 📞 Facenda 1403

📊 📞 Estatística: 1506

👥 📞 Persoal: 1520

📁 📞 Secretaría: 1510

📁 📞 Contratación: 1517

📞 Urbanismo: 1611

📞 Disciplina urbanística: 1519

🌳 📞 Medio ambiente: 1604


👮 📞 Policía municipal: 2414




NARÓN



 Deportes: 2502


 Outros teléfonos de contacto:

 Servizos externos: 981 397 007

 Cosma: 900 813 930

 Pazo da Cultura: 981 102 897

  Segue sempre as indicacións de organismos oficiais:

 Ante posibles síntomas do coronavirus chama ao teléfono: 900 400 116

 Podes consultar o autotest do Sergas sobre o coronavirus aquí: [https://](https://coronavirus.sergas.gal/autotest/index.html?lang=gl-ES)

coronavirus.sergas.gal/autotest/index.html?lang=gl-ES

Máis información: <https://coronavirus.sergas.gal>

Medidas administración local:

O Concello ordenou o peche de espazos públicos como parques infantís, pistas polideportivas e multideporte, circuito de pump truck e outras instalacións municipais. Ao mesmo tempo, anunciou a implemntación dunha serie de medidas para que as empresas adxudicatarias de contratos do Concello non tivesen que recorrer a despidos de persoal, mantendo a vixencia dos citados contratos unha vez reestructurados, opción que se ofreceu a todas as empresas que traballan para o Consistorio. Así mesmo, priorizouse o pago a provedores, axilizando a tramitación que require este proceso.

- Procedeuse a informar nas fontes públicas da cidade, a través de cartelería da indicación da Consellería de Sanidade de non consumir agua das fontes ao non poderse garantir ao cen por cento a desinfección destes elementos



NARÓN

- O goberno local ofrece tamén medidas como a tramitación en liña de certificados de empadramento para acollerse á moratoria no pago da hipoteca establecido polo Goberno central, que se poden tramitar a través dos correos electrónicos: f.castro@naron.es e m.yanez@naron.es. O procedemento ao completo pode consultarse no enlace: <http://www.naron.es/web/cat/web/cat/es/noticias/get/3672/>.

- **Información tributaria**

En materia tributaria, dende o Concello, a través dun decreto de Alcaldía, aprobouse o adiamento no pago dos tributos públicos e un aprazamento no cobro de impostos municipais, así como a paralización dos procedementos de recadación en vía de prema.

Así mesmo, suspendeuse o prazo para a presentación do Imposto sobre Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana (plusvalía) mentres estea en vigor o estado de alarma e as súas prórrogas para evitar perxuizos graves nos dereitos e intereses dos cidadáns.

Voluntariado

O Concello habilitou un servizo coordinado por Protección Civil e ao que se sumaron varias veciñas e veciños da localidade a través do que se ofrecen diferentes servizos, chamando ao número de teléfono 647 622 245:

- Compra e entrega a domicilio de alimentos e medicamentos dirixido a persoas maiores, con problemas de mobilidade ou/e en situación de vulberabilidade.
- Acompañamento a persoas dependentes, con certificado médico que o acredite.

O equipo de voluntarios encárgase tamén do reparto dos cubrebocas realizados por homes e mulleres da cidade e que se entregan á cidadanía como método de autoprotección fronte ao coronavirus, a través da campaña municipal “Usando o cubrebocas eu protéxote, ti protéxesme”.



- Reparto de mascarillas por parte da Policía Local e Policía Nacional no servizo de transporte público e entre os traballadores e traballadoras dos polígonos industriais de Río do Pozo, As Lagoas e A Gándara.

Benestar social

Na área de Benestar Social dende o Concello de Narón lévanse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a axudar ás persoas máis vulnerables, para que en todo momento dispoñan de atención para cubrir as súas necesidades básicas. Entre esas medidas están:

- A reapertura do comedor social do Centro de Maiores das Vivendas da Mariña, podendo encargarse a comida chamando aos números de teléfono 671 383 596 ou 671 383 575 cun día de antelación. A entrega realizarase no propio centro e no caso de precisar axuda para a recollida pódese chamar ao número de teléfono 647 622 245, dende donde se levará a domicilio.
- A entrega de vales de alimentos ás familias en situación de vulnerabilidade, que se tramitan a través do Servizo Sociocomunitario Municipal, previa cita chamando ao número de teléfono 981 337 700 (extensión 1108).
- O inicio dunha campaña para promover a doazón de alimentos para entregar á cidadanía a través do Centro de Recursos Solidarios de Narón. Para concertar cita para a entrega e cumprir as garantías sanitarias e de seguridade nas citadas instalacións, débese chamar previamente aos teléfonos 881 308 349 ou 722 724 782
- Ofécese axuda ás familias que o solicitan, a través dos centros de ensino, para a impresión do material didáctico e, de ser necesario, tamén o traslado dese material ao domicilio dos menores.

Asistencia psicolóxica e social

A actual pandemia do coronavirus leva á cidadanía a vivir unha serie de situacións que poden facer que, en función de cada situación, precise atención psicolóxica, un servizo que se presta a través dunha campaña a nivel estatal que se difunde dende o Concello. A maiores, tamén se promoven medidas da acción colectiva En Negro contra as violencias para atender as vítimas de violencia de xénero, unha problemática agravada nestes tempos de confinamento.



- Difusión da campaña do Ministerio de Sanidade e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos que habilitaron un servizo para prestar apoio asistencial ás persoas con dificultades derivadas da pandemia e o confinamento pola Covid-19.
Os números aos que deben dirixirse, en horario de 9.00 a 20.00 todos os días da semana, son:
 - Para familias de persoas enfermas de coronavirus ou que facelen a causa desta enfermidade: 91 700 79 89
 - Para profesionais con intervención directa na xestión da pandemia, como persoal sanitario, das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Local: 91 700 79 90
 - Para a poboación en xeral con dificultades derivadas desta alerta e do confinamento: 91 700 79 88
- Difusión da campaña para atención vítimas violencia de xénero impulsada a través da acción colectiva En Negro contra as violencias, a través da que se informa da operatividade dos números de teléfono 016 e 112 para denunciar este tipo de situacións.

Servizo de limpeza

O Concello realiza a diario tarefas de limpeza e desinfección diaria de espazos públicos, establecementos concorridos (farmacias, supermercados, centros de saúde), marquesiñas, colectores do lixo e mobiliario urbano (papeleiras, bancos...).

Tras decretarse o estado de alarma procedeuse ao peche do Punto Limpo de Río do Pozo e á suspensión do servizo de recollida de voluminosos, mentres que a recollida de residuos sólidos urbáns se realiza en días alternos por rutas reprogramadas con motivo da Covid-19.

- A través do Speis estableceuse un protocolo de desinfección e limpeza e procedeuse a reforzar estes traballos nas dúas residencias de persoas maiores da cidade, DomusVi, no Alto, e San Xosé, en Piñeiros.

- Aos mecanismos de limpeza e desinfección sumáronse dous atomizadores que traballan en horario nocturno nos tractores municipais e que permiten realizar o labor en menos tempo e chegar a máis espazos.



Outros servizos á cidadanía

Co obxectivo de ofrecer novos servizos na cidade, o Concello habilitou un área de aseo para transportistas no polígono industrial de Río do Pozo, con duchas e aseos a disposición do sector e donde tamén se informa dos establecementos da cidade que ofrecen servizo de comida con transporte ata o citado polígono industrial.

O Concello elaborou tamén un directorio con establecementos e servizos que continúan activos durante o estado de alarma, no que se recollen os novos horarios de atención, adaptados ao actual estado de alarma.